

MARÉ**ENCONTRO**

■ O 6 de febreiro chegará Toussaint

Os escritores
celebran mañá
asamblea xeral
en Santiago

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg) celebrará mañá a súa asamblea xeral de socios, ás 11.00 horas, no salón de actos do Museo do Pobo Galego en Compostela. Entre os puntos do día atópase a aprobación da acta anterior, o informe económico e de actividades do 2007, a proposta de programación para este ano e a modificación puntual dos estatutos da Aelg.

Ademais, o vindeiro 6 de febreiro, ás 20.00 horas, no Clube Internacional de Prensa, a Aelg terá un encontro co escritor Jean-Philippe Toussaint (Bruxelas, 1957), un dos máis brillantes escritores en lingua francesa da súa xeración. • **REDACCIÓN**

Galiciae

Galiciae

Reconocimiento

Vázquez Pintor recibirá la 'Letra E' de la Asociación de Escritores en Lingua Galega

Etiquetas: AELG, homenaje, literatura, libro

Anxa Correa. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) otorgará este año a su Letra E a Xosé Vázquez Pintor. Así se aprobó en la Asamblea General de Socios que se celebró en Santiago y en la que se presentó una propuesta de actividades para este año, informó el presidente Cesáreo Sánchez.

Por otra parte, la Asociación Sociopedagólica Galega recibirá el homenaje Os Bos e Xenerosos en la segunda quincena de marzo por su trayectoria "de más de 25 años en la defensa de la enseñanza en gallego".

La Letra E se entregará en un acto de homenaje que se celebrará en Melide, tierra natal del autor, el próximo 7 de junio. Dentro de este acto, el escritor es honrado con la Letra E, con la plantación de un árbol simbólico elegida por el autor y con la inauguración de un monolito conmemorativo o de un espacio público con su nombre.

Reconocimiento a una carrera consolidada

De Vázquez Pintor destacan sus colegas no sólo el hecho de ser "gran poeta y narrador", sino también una trayectoria "larga y consolidada" con "importantes frutos". Nacido en 1946, el escritor ejerce como profesor de Enseñanza Media en Pontevedra y desarrolla su actividad cultural en diferentes campos. Como poeta, ha publicado 'Gándaras', 'Terra e pan', 'O espertar tamén é noso', 'Ofidios de diario', 'Na vertical da noite', 'No corazón mancado', 'Rotazón violeta' y 'Banzados'.

De narrativa, firmó las obras 'De ida e volta', 'Lume de biqueira', 'Quen faga voar' y 'A memoria do boi', e de ensaio, 'Os velllos oficios' e 'A tribo sabe'. También cha cultivado el teatro con 'A fraga encantada', 'A sombra da memoria' e 'Teatro do patacón'. A Letra E se sumará a otros galardones como el Eduardo Pondal, el Ciudad de Ourense, Esquío, Uxío Novoneyra, Carvalho Calero, Torrente Ballester e incluso el Premio de la Crítica Española.

De este modo, recogerá el bastón de remuda de Manuel Lourenzo, homenajeado por la AELG el año pasado, y pasará a formar parte de una nómina de autores como Avilés de Taramacos, Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Luz Pozo, Xosé Chao Rego y Salvador García-Bodaño. Hasta ahora, la Letra E sólo fue entregada a título póstumo en una ocasión, en homenaje al poeta Uxío Novoneyra.

Cena de las Letras

En la tradicional Cena de las Letras, que se celebrará en el último fin de semana de abril, la AELG entregará los galardones a la literatura gallega en las categorías de infantil y juvenil, narrativa, poesía, traducción, teatro, ensayo y trayectoria periodística. En esta misma velada, la AELG distinguirá la Muestra Internacional de Teatro de Ribadavia "por sus importantes aportaciones a la existencia de un teatro gallego".

También la poeta cubana Nancy Morejón será distinguida con el Premio Internacional de la AELG 'Escritor Gallego Universal', con el que el colectivo pretende reconocer los autores con una obra y personalidad de alto contenido ético y estético que sirva de referente para su pueblo en la defensa de la dignidad nacional y humana.

En este caso, Morejón es además de escritora, una "dinamizadora cultural, estudiosa de la literatura afrocubana y defensora infatigable de los derechos de la mujer", que ha realizado ensayos sobre el mestizaje en la literatura.

02/02/2008

MARÉ

PREMIO Vázquez Pintor recibirá a 'Letra E' dos escritores galegos

Para un "gran poeta e narrador"

A Asociación Sociopedagóxica Galega será reconñecida co 'Bos e Xenerosos'

maré · Santiago

A Asociación Sociopedagóxica Galega, a Mostra de Teatro de Ribadavia, a escritora cubana Nancy Morejón e o autor melidense Xosé Vázquez Pintor serán os protagonistas dos premios que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg) que celebrou onte a súa asamblea xeral de socios no Museo do Pobo Galego de Compostela.


Segundo informou o presidente da Aelg, Cesáreo Sánchez, ademais da visita do escritor nado en Bruxelas, Jean Philippe Toussaint, entre o 6 e o 9 de febreiro, co que arrinca o proxecto Escritores en Compostela, en marzo, as actividades arrincarán cunha xornada virtual adicada ao escritor Manuel Curros Enríquez. Emaña que nos vindeiros días comezará o ciclo de votacións para elixir aos premiados da Aelg, onde xa se deron a coñecer algúns dos homenaxeados deste ano.

Entre eles, a Asociación Sociope-

dagólica Galega (AS-PG) recibirá o Premio Bos e Xenerosos pola súa traxectoria de "máis de 25 anos na defensa do ensino en galego".

A escritora cubana Nancy Morejón será distinguida este ano na tradicional Cea das Letras, co galardón de 'Escritor Galego Universal' á que destaca como "dinamizadora cultural, estudosa da literatura afrocubana e defensora infatigable dos dereitos da muller", que ten realizado ensaios sobre a mestizaxe na literatura. Nesta mesma velada, a AELG homenaxeará a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia polas súas "importantes achegas á existencia dun teatro galego".

Os escritores galegos entregaranlle ademais a 'Letra E' ao escritor Xose Vázquez Pintor nun acto que se celebrará na súa terra natal, Melide, o 7 de xuño. Dentro deste acto, plantarase unha árbore simbólica elixida polo autor e inaugurarase un monolito conmemorativo ou dun espazo público co seu nome. De Vázquez Pintor salientan os seus colegas non só o feito de ser "gran poeta e narrador", senón tamén unha traxectoria "longa e consolidada" con "importantes froitos". Nado en 1946, o escritor exerce como profesor de Ensino Medio en Pontevedra e desenvolve a súa actividad cultural en diferentes eidos.



Vázquez Pintor arriba pola dereita con Fernán-Vello e Nancy Morejón, abajo

DATOS

As renovacións, en 2009

A Aelg elixe cada dous anos as renovacións do seu consello directivo no que Cesáreo Sánchez ocupa a súa presidencia, Antía Otero a vicepresidencia, Mercedes Queixas a súa secretaría xeral e Marta Dacosta a Tesourería. Haberá que agardar até 2009 para saber se a asociación se renova.

Como poeta, ten publicado Gándaras ou Terra e pan, O espertar tamén é noso, de narrativa, asinou as obras De ida e volta ou Lume de biqueira e cultivou o teatro con Afraga encantada ou Teatro do patacón. Segundo informou Cesáreo Sánchez, terán continuidade de outras actividades, como 'Escritores na universidade', ou o Encontro de Escritores, que terá lugar entre o 18 e o 19 de xullo na Coruña. En setembro celebrarase o congreso de escritores novos 'Entre dous séculos' e en outubro, Lugo acollerá a primeira xornada sobre literatura oral. ●

Vázquez Pintor recibirá a letra 'E' da Asociación de Escritores

LITERATURA ▶ A asamblea xeral da AELG, celebrada onte en Santiago, acordou outorgarlle a súa distinción ao autor melidense ▶ A Asociación Sociopedagóxica Galega protagonizará a homenaxe Os Bos e Xenerosos

AGN • SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) outorgará este ano a súa Letra E a Xosé Vázquez Pintor. Así se aprobou onte na Asamblea Xeral de Socios que se celebrou en Santiago e na que se presentou unha proposta de actividades para este ano, informou o presidente Césareo Sánchez.

Por outra banda, a Asociación Sociopedagóxica Galega recibirá a homenaxe Os Bos e Xenerosos na segunda quincena de marzo pola súa traxectoria de "máis de 25 anos na defensa do ensino en galego". A Letra E entregaráse nun acto de homenaxe que se celebrará en Melide, terra natal do autor, o vindeiro 7 de xuño. Dentro desse acto, o escritor é honrado coa Letra E, coa plantación dunha árbore simbólica elixida polo autor e coa inauguración dun monólito conmemorativo ou dun espacio público co seu nome.

De Vázquez Pintor salientan os seus colegas non só o feito de ser "gran poeta e narrador", senón tamén unha traxectoria "longa e consolidada" con "importantes frutos". Nado no 1946, o escritor exerce como profesor de Ensino Medio en Pontevedra e desenvolve a súa actividade

cultural en diferentes eidos, como poeta, narrador e ensaísta. A Letra E virá a sumarse a outros galardóns como o Eduardo Pondal, o Cidade de Ourense, Esquío, Uxi Novoneira, Carvalho Calero, Torrente Ballester e mesmo o Premio da Crítica Española.

Deste xeito, recollerá o bastón

de remuda de Manuel Lourenzo, homenaxeado pola AELG o ano pasado, e pasará a formar parte dunha nómina de autores como Avilés de Taramacos, Bernardo Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Luz Pozo, Xosé Chao Rego e Salvador García-Bodaño. ■

I A CLAVE

A Cea das Letras e Nancy Morejón

▶ Na tradicional Cea das Letras, en abril, a AELG entregará os galardóns á literatura galega. Nesta mesma velada, a AELG distinguirá a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia pola súa "importantes achegas á existencia dun teatro galego". Tamén a poeta cubana Nancy Morejón será distinguida co Premio Internacional da AELG Escritor Galego Universal. ■

com poeta, narrador e ensaísta. A Letra E virá a sumarse a outros galardóns como o Eduardo Pondal, o Cidade de Ourense, Esquío, Uxi Novoneira, Carvalho Calero, Torrente Ballester e mesmo o Premio da Crítica Española.

Deste xeito, recollerá o bastón

de remuda de Manuel Lourenzo, homenaxeado pola AELG o ano pasado, e pasará a formar parte dunha nómina de autores como Avilés de Taramacos, Bernardo Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Luz Pozo, Xosé Chao Rego e Salvador García-Bodaño. ■

LETRAS Xosé Vázquez Pintor, que recibirá a 'Letra E' dos escritores galegos, valora o seu "esforzo de resistencia" tras anos de "ninguneo"

Revelacións agriñoces

Recoñecido cos premios más prestixiosos do país, irá á Feira Habana e publicará a novela inédita 'Más vidas'

V. Oliveira · Santiago

"Eu tiven que facer un esforzo de resistencia, pero nunca me rendín, malia o *ninguneo* que ás veces tiveron comigo. Este país necesitanos a todos. Os estacazos son malos pero este premio recompensa eses pequenos desgustos". Un sentimento agriñoco percorre as verbas do melidense Xosé Vázquez Pintor despois de coñecer que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) lle concederá este ano a 'Letra E' en recoñecemento á súa traxectoria literaria, nun acto que se celebrará o vindeiro 7 de xuño na súa terra natal, Melide.

A xeración dos 'Novísimos', tal como os bautizou María Victoria Moreno nunha antoloxía de 1973, saudou os ventos da transición coa poesía social e comprometida náda nos anos de silencio do franquismo. Autores como Fiz Vergara, Dario Xohán Cabana, Farruco Seseto, Alfredo Conde, Lois Diéguez ou o propio Xosé Vázquez Pintor despuntaban como fillos dunha época en transformación.

De feito, o passar das décadas e a irrupción das novas xeracións fixeron que as traxectorias destes escritores se desdibuxasen. Vázquez Pintor cultivo os catro xéneros máxicos: poesía, narrativa, ensaio e teatro. Nos anos 70 respirou o socialrealismo mentres que unha década despois se achegou ás formas da poesía en auxe, dun lirismo telúrico e suxestivo. Licenciado en Ciencias da Educación, vive en Cangas do Morrazo, onde traballou como mestre de Ensino Primario. É tamén colaborador habitual na prensa periódica, na que dera a coñecer de novo a súa actividade literaria.

Froito da súa intensa traxectoria literaria, foi premiado cos máis importantes galardóns galegos: o Eduardo Pondal en 1981, o Cidade de Ourense e o Esquíu en 1989, o Uxió Novoneyra, o Torrente Ballesuer e o Carvalho Calero no 2000, mesmo o da Crítica Española no 2002 e o derradeiro, o Vicente Risco de narrativa, en 2007.

Malia todo, este mestre nado en Melide en 1946, que hoxe asegura sentirse "agradeado ós meus compañeiros por elixirme, á xente, á sorte e á resistencia, que é o mellor consello que lles podería dar aos escritores que comezan" garda no seu ánimo unha espíña dos anos de silencio.

"Comentáballe o outro día a Dario Xohán Cabana, a desgraza que sufrimos os novísimos da poesía



Vázquez Pintor na casa de Quián, ao fondo, protagonista dos versos de 'Banzados' co que gañou o Novoneyra

galega que tivemos unha lousa enriba durante moito tempo. Foi unha xeración desastrosa", asegura. E engade: "Os da poesía social fomos varridos do mapa, o cal foi un desencontro e un contrasentido. Eu vimme *ninguneado* pero sempre tiñen a sorte de pensar que seguiría resistindo".

Por iso decidiu "probar fortuna" en narrativa e publicou en 1999 *Lume de biqueira*, unha novela sobre fútbol, "cando ningún queríaoir falar de fútbol en literatura", di, ainda que eran os anos dourados do Superdépor.

Finalista do Blanco Amor pero excluído pola fala

Despois publicou *Quen faga voar* que recibiu o Carvalho Calero e A memoria do boi, reconecida co Premio da Crítica e o Torrente Ballesuer. E, buscando o máis difícil que se poida, escribiu *Mar de bronce*, unha novela sobre o mar "eu, que

non sei nadar" que, segundo revela, presentou ao Premio Blanco Amor. "Chegou a ser finalista pero non gañou por circunstancias lingüísticas, porque o xurado cría que abusaba da fala con gheada e seseo", sinala. "É certo que os novísimos fomos masacrados pero eu teño parte de culpa niso. Chamábanme para ir a presentacións e a actos e non quería saír", explica. Porén, recoñece que "se daquela me encumiaran, tería subido a unha nube e non diría feito nada".

Hai dous anos, Vázquez Pintor caeu enfermou. Afirma que a súa mellor "terapia" entón foron dúas novelas máis: *Para dicir abril*, a obra coa que gañou o Vicente Risco o ano pasado, e que presentará en marzo en Ourense da man de Sotelo Blanco, e *Más vidas*, unha obra ainda inédita que tirará do prelo Espiral Maior.

Dentro dunhas semanas, o 21 de febreiro, o escritor melidense vivi-

rá o que considera "o címo" da súa traxectoria ao acudir á Feira do Libro da Habana coa obra gañadora do Vicente Risco e tamén para acudir á presentación do volume *Xosé Vázquez Pintor: la memoria que reconstruye un mundo*, a tese de doutoramento da profesora de críticas literaria na Universidade cubana, Lanelys Velasco Fajardo.

Ainda que só editou unha obra de teatro para nenos, *A fraga encantada*, en 1987, que foi finalista do Concurso de Teatro Infantil O Facho, Vázquez Pintor lembra con agrado o pioneiro grupo de mimo Ancoradouro, que fundou en 1981.

"Fun autodidacta do teatro de base e creamos un grupo fundamentado no mimo e a pantomima con nenos de 15 a 18 anos. Percorremos moitos lugares, fomos a Porto, Barcelona ou Bilbao. Daquel grupo saíu Mónica Caamaño, que é hoxe unha actriz recoñecida", sinala.

Anos máis tarde, fundou o grupo de teatro Casa da bola para xente maior, co que percorreu Galicia durante dous anos. "O teatro é o gran necesitado, está abandonado por nós que sempre fomos un pobo intérprete e agora imos ao Entrudo de espectadores. Que o noso teatro estéa tan botado abajo, é unha pena. Eu boto en falta a posibilidade dun teatro de base."

Lembra unha anécdota con súa nai. "Cando era pequeno, tiña uns once ou doce anos, eu estudaba por libre, e suspendín unha materia. Entón miña nai castigoume e, como viña ao pobo o circo dos xitanos, díxelle a miña nai que me deixase ir e ela preguntoume: ¿Estudaches todo, todo, todo? Eu respondí: Estudei todo. Entón comprendino, tiña que esforzarme".

O IDIOMA

"Se a lingua vive, salvámonos todos"

"Nos últimos tempos estou pola lingua porque se o idioma se salva, salvámonos todos". Lembra que pasou de ser un cativeiro que falaba en castelán a optar polo galego, algo ao que se foi afacendo a súa nai sen lle reprochar nunca a súa mutación lingüística.

Nun artigo titulado 'Matria, lingua e poesía' que publicou o ano pasado remítete á súa postura sobre o galego. "Cómprase saber que a Lingua, máis e antes que calquera arquitectura e arte e nombradía que nos compone, é quem resiste e vai identitaria de compaña coas idades do

Amor e das entregas", escribe. Á fin, o problema da lingua é, asegura, "un problema de afecto, de carío". Do seu afecto pola etnoloxía naceu unha trilogía de ensaios antropológicos que Xerais tirou do prelo: *Os vellos oficios* (1996), *A tribo sabe* (1999) e *Tal era vivir* (2004). "Neste tempo de silencios, é un orgullo recuperar a historia dos traballadores de oficios, unha riqueza máxica de Galicia", asegura. Logo de levar vivindo 35 anos en Cangas, Vázquez Pintor recibiu unha homenaxe o pasado decembro na parroquia de Coiro, onde foi profesor.